

## O CUMPRIMENTO DA LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS EN GALICIA

MANUEL MARTÍNEZ CARBALLO / MARÍA CRUZ DEL RIO RAMA  
Universidade de Vigo

EDUARDO GUILLÉN SOLÓRZANO / SUSANA BARBEITO ROIBAL  
Universidade da Coruña

*Recibido:* 1 de xuño de 2006

*Aceptado:* 19 de decembro de 2006

---

**Resumo:** Neste artigo pretendemos analizar e describir dalgunha forma a situación actual referente ao grao ou ao nivel de cumprimento da lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal na Comunidade Autónoma de Galicia co obxecto de darnos conta da pouca ou escasa atención que se lle presta, a pesar de que as sancións a este respecto poden facer perigar en moitos casos a rendibilidade, xa que logo, a supervivencia futura de moitas microempresas, pequenas e, mesmo, medianas empresas.

**Palabras clave:** Protección de datos / Titularidade privada / Comunidade Autónoma de Galicia.

### GALICIA IS CLOSELY TO THE SPANISH AVERAGE IN THE MATTER OF PROTECTION OF PERSONAL CHARACTER DATA

**Abstract:** In this I articulate we seek to analyze and to describe in some way the current situation with respect to the grade or level of execution of the legislation as regards protection of data of personal character in the Autonomous Community of Galicia with object of realizing the little or scarce attention that is lent, although the sanctions in this respect that it can make be in danger in many cases the profitability and, therefore, the future survival of many micro companies, small and even medium companies

**Keywords:** Data protection / Private companies / Autonomic Community of Galicia.

---

## 1. PRELIMINAR

Na actualidade son moitas as entidades españolas de ámbito público e privado que recollen e almacenan ordenadamente nos seus ficheiros de soporte papel ou automatizados datos de carácter persoal, é dicir, calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables que, dunha forma ou doutra, están vinculadas co exercicio ou co desenvolvemento das súas actividades. Neste contexto, cómpre sinalar que a titularidade dos datos de carácter persoal subministrados a calquera entidade correspóndelles ás persoas e non ás organizacións que os tratan, e existe ao respecto toda unha lexislación vixente nesta materia co obxecto de salvaguardar os dereitos fundamentais dos cidadáns españois recollidos na Constitución.

A protección de datos de carácter persoal é un dereito que teñen todos os cidadáns a que os seus datos persoais non sexan utilizados por parte de terceiros sen a debida autorización; este dereito consiste no control por parte do titular dos datos sobre quen, como, para que, onde e cando son tratados os datos relativos á súa per-

soa; control que se fai efectivo a través do exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Este carácter de dereito fundamental vén outorgado pola Constitución española<sup>1</sup> no seu artigo 18.4, xunto co dereito fundamental ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, etc. En concreto, este artigo establece que “*a lei limitará o uso da informática para garantir o honor e a intimidade persoal e familiar dos cidadáns e o pleno exercicio dos seus dereitos*”. Así, a protección de datos de carácter persoal xa aparece regulada inicialmente no artigo 18.4 da Constitución española de 1978, pero é nestes últimos anos cando se converteu nun tema de gran relevancia, posto que o uso masivo da informática pode supor un grave risco para o titular dos datos, ao facilitar de xeito notable a confección de ficheiros con información persoal que sexa susceptible de afectar á súa intimidade e á súa contorna social ou profesional.

O desenvolvemento lexislativo deste mandato constitucional, contido no artigo 18.4, deu lugar á creación dun dereito específico sobre protección de datos, dereito que tamén foi desenvolvido no ámbito europeo. Nun principio foi desenvolvido pola LORTAD (Lei orgánica 5/1992, de regulación do tratamento automatizado de datos de carácter persoal), actualmente derogada; substituída pola LOPD (Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal), obriga legal que deben cumprir todas as organizacións españolas se non queren expoñerse ás duras sancións da Axencia Española de Protección de Datos (AGPD).

Neste artigo pretendemos analizar e describir a situación actual sobre o grao ou o nivel de cumprimento da lexislación en materia de protección de datos na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta análise forma parte dun estudo moito máis amplo realizado recentemente e cuxo obxectivo foi determinar o grao ou o nivel de cumprimento no ámbito nacional.

A súa estrutura consta de tres partes ben diferenciadas. En primeiro lugar, descríbese moi brevemente o marco normativo e conceptual da protección de datos de carácter persoal aplicable en España. Posteriormente, realízase un estudo exhaustivo do grao de cumprimento ou de incumprimento da lexislación correspondente no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e no ámbito privado. E, en último lugar, o estudo finaliza cunha serie de reflexións ou de consideracións finais a modo de conclusión coa finalidade de darnos conta de que a lexislación está aí e que é necesario poñer todos os medios para cumprila.

---

<sup>1</sup> En España, o Tribunal Constitucional na Sentenza 292/2000, de 30 de novembro de 2000, declarou como dereito fundamental autónomo dos cidadáns a protección dos seus datos de carácter persoal. Así, vemos que a lexislación española nesta materia foi evolucionando desde o simple, aínda que importante, desenvolvemento do artigo 18.4 da nosa Carta Magna (inicialmente a través da Lei orgánica 5/1992, de 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado de datos de carácter persoal), para pasar a ampliar o seu obxecto á sección primeira referente aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas do capítulo II, título I e, ultimamente, centrar o seu obxecto na protección dos datos de carácter persoal, como establece a Sentenza 292/2000 do Tribunal Constitucional.

## 2. MARCO NORMATIVO E CONCEPTUAL DA PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Neste punto recolleemos de forma moi breve as principais referencias normativas e conceptuais sobre a protección de datos de carácter persoal que se poden aplicar no Estado español.

O primeiro desenvolvemento do dereito fundamental contido no artigo 18.4 da nosa Constitución española sobre protección de datos, foi levado a cabo pola LORTAD ou Lei orgánica 5/1992, de 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado de datos de carácter persoal, actualmente derogada.

Posteriormente, no ano 1999, apróbase a actual e vixente Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD), norma que derroga na súa totalidade á LORTAD e que ten como finalidade principal traspoñer a Directiva 95/46/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de outubro de 1995, relativa á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes. Polo tanto, hoxe esta lei orgánica constitúe o núcleo esencial do actual marco normativo da protección de datos de carácter persoal en España xunto con outras normas xerais ou sectoriais (cadro 1).

En termos xerais, a lexislación vixente nesta materia ten por obxecto garantir e protexer no que concirne ao tratamento dos datos persoais, as liberdades públicas e os dereitos fundamentais das persoas físicas e, especialmente, do seu honor e da súa intimidade persoal e familiar. Como principal novidade, a LOPD introduce no seu ámbito de aplicación os “*ficheiros non automatizados ou ficheiros en papel*”, centrando toda a súa atención na protección de datos de carácter persoal sexa cal sexa o soporte ou o medio para o seu tratamento.

### Cadro 1.- Normativa básica en materia de protección de datos de carácter persoal

- Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (LOPD).
- Real decreto 1332/1994, de 20 de xuño, polo que se desenvolven algúns aspectos da Lei orgánica 5/1992, de 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.
- Real decreto 994/1999, de 11 de xuño, polo que se aproba o regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal.
- Real decreto 428/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o estatuto da Axencia de Protección de Datos.
- Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico (LSSICE).

FONTE: Elaboración propia.

En definitiva, a lexislación básica que debe coñecer calquera entidade que trate datos de carácter persoal é a Lei orgánica 15/1999. Esta norma recoñécelles aos cidadáns españois uns dereitos no tratamento dos seus datos persoais que obriga aos titulares dos ficheiros a cumprir determinadas garantías. O seu contido desenvólvese moi brevemente no cadro 2.

En conclusión, o responsable do ficheiro é quen decide sobre a finalidade, sobre o contido e sobre o uso do tratamento dos datos persoais incluídos nun ficheiro. Porén, a LOPD establece determinados parámetros no seu articulado que regula esta capacidade de decisión por parte do responsable do ficheiro.

**Cadro 2.-** Contido resumido da LOPD

ÁMBITO DE APLICACIÓN (artigo 2 LOPD)	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Réxime xeral (artigo 2.1 LOPD):               <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Contido (diferenzas coa LORTAD).</li> <li>b) Territorio (atendendo ao responsable do tratamento).</li> </ol> </li> <li>• Tratamentos con excepción (artigo 2.2 LOPD):               <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Actividades exclusivamente persoais ou domésticas.</li> <li>b) Normativa sobre protección de materias clasificadas.</li> <li>c) Investigación do terrorismo e da delincuencia organizada.</li> </ol> </li> <li>• Tratamentos con réxime específico (artigo 2.3 LOPD):               <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Réxime electoral.</li> <li>b) Persoal das Forzas Armadas.</li> <li>c) Video-cámaras das Forzas e Corpos de Seguridade.</li> <li>d) Función estatística pública.</li> <li>e) Rexistro Civil, Penados e Rebeldes.</li> </ol> </li> </ul>	
PRINCIPIOS BÁSICOS (artigos 6, 7, 9, 10, 11 e 12 da LOPD)	
Consentimento do afectado (artigo 6 LOPD)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Norma xeral: “o tratamento dos datos de carácter persoal requirirá o consentimento inequívoco do afectado, agás que a Lei dispoña outra cousa” (artigo 6.1 LOPD).</li> <li>• Excepcións ao consentimento (artigo 6.2 LOPD).</li> <li>• Revogacións do consentimento (artigo 6.3 LOPD).</li> <li>• Oposición ao tratamento (artigo 6.4 LOPD):               <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Supostos onde non é necesario o consentimento do afectado.</li> <li>b) Sempre que unha lei non dispoña o contrario.</li> <li>c) Motivación fundada e lexítima relativa á concreta situación persoal.</li> </ol> </li> <li>DATOS ESPECIALMENTE PROTEXIDOS (artigo 7 LOPD):               <ul style="list-style-type: none"> <li>• Non obrigatoriedade e advertencia ao interesado do seu dereito a non prestar o seu consentimento (artigo 7.1 LOPD).</li> <li>• Consentimento expreso e por escrito; ideoloxía, relixión, afiliación sindical, crenzas (artigo 7.2 LOPD).</li> <li>• Consentimento expreso; orixe racial, saúde, vida sexual (artigo 7.3 LOPD).</li> <li>• Prohibición de crear ficheiros cos datos con finalidade exclusiva de almacenamento (artigo 7.4 LOPD).</li> <li>• Datos de infraccións penais ou administrativas (artigo 7.5 LOPD).</li> <li>• Excepcións (artigo 7.6 LOPD).</li> </ul> </li> </ul>
Seguridade dos datos (artigo 9 LOPD e RD 994/1999)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O responsable do ficheiro deberá adoptar medidas técnicas e organizativas.</li> <li>• A finalidade das medidas adoptadas é a de garantir a seguridade dos datos de carácter persoal e evitar a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado.</li> <li>• Non se rexistrarán datos de carácter persoal en ficheiros automatizados que non reúnan as condicións e medidas regulamentarias.</li> <li>• O RD 994/1999 é o regulamento que desenvolve o artigo 9 LOPD.</li> <li>• Niveis de seguridade:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– Nivel básico: para todos os ficheiros de carácter persoal.</li> <li>– Nivel medio: datos sobre comisión de infraccións administrativas ou penais, datos sobre facenda, datos sobre servizos financeiros, datos sobre solvencia patrimonial e de crédito e datos suficientes que permitan elaborar un perfil do afectado.</li> <li>– Nivel alto: datos de ideoloxía, relixión, crenzas, orixe racial, saúde, vida sexual.</li> </ul> </li> </ul>
Deber de segredo (artigo 10 LOPD)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Obriga de segredo profesional con respecto aos datos tratados e deber de gardalos.</li> <li>• Os suxeitos obrigados son o responsable do ficheiro automatizado e quen interveñan en calquera fase do tratamento de datos de carácter persoal.</li> <li>• As obrigas subsistirán aínda despois de finalizar as súas relacións co titular do ficheiro automatizado ou, de ser o caso, co responsable deste.</li> </ul>

PRINCIPIOS BÁSICOS (artigos 6, 7, 9, 10, 11 e 12 da LOPD)	
Comunicación de datos (artigo 11 LOPD)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Regra xeral: previo consentimento do interesado (artigo 11.1).</li> <li>• Excepcións: non será preciso o consentimento (artigo 11.2).</li> <li>• Nulidade de consentimento para a cesión (artigo 11.3) cando a información que se lle facilite ao interesado non lle permita coñecer a finalidade á que se destinarán os datos ou non permita coñecer o tipo de actividade do futuro cesionario.</li> <li>• Carácter revogable do consentimento para a cesión (artigo 11.4).</li> <li>• Responsabilidade do cesionario (artigo 11.5).</li> <li>• Non resulta aplicable o réxime das cesións se a comunicación se efectúa previo procedemento de disociación (artigo 11.6).</li> </ul>
Acceso de datos por conta de terceiros (artigo 12 LOPD)	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Concepto (artigo 12.1): non se considera comunicación e, xa que logo, non require consentimento do afectado e o encargado do tratamento presta un servizo ao responsable do ficheiro.</li> <li>• Require (artigo 12.2 e 12.3): <ul style="list-style-type: none"> <li>– Regulación contractual que acredite a súa celebración e contido.</li> <li>– Estar sometida á finalidade indicada polo responsable do ficheiro (nunca finalidades diferentes).</li> <li>– O encargado do tratamento dotará das medidas de seguridade necesarias.</li> <li>– Cumprida a prestación, os datos serán destruídos ou devoltos ao responsable.</li> </ul> </li> <li>• Responsabilidade do encargado do tratamento (artigo 12.4).</li> </ul>

DEREITOS DOS CIDADÁNS (artigos 13, 14, 15, 16, 17 e 19 da LOPD)	
Dereito de acceso (artigo 15 LOPD)	É o dereito que ten todo cidadán para coñecer os seus datos persoais que figuran nun ficheiro determinado sometidos a tratamento, cal foi a orixe destes, e que cesións se realizaron ou se prevén realizar no futuro.
Dereito de rectificación (artigo 16 LOPD)	Cando o titular dos datos tiver constancia de que os seus datos persoais tratados nun ficheiro son inexactos, incompletos, inadecuados ou excesivos, poderá solicitar do responsable do ficheiro a súa rectificación.
Dereito de cancelación (artigo 17 LOPD)	Cando o titular dos datos tiver coñecemento de que os seus datos persoais tratados nun ficheiro son inexactos ou incompletos, inadecuado ou excesivos, poderá solicitar do responsable do ficheiro a súa cancelación.
Dereito de oposición (artigo 17 LOPD)	Naqueles casos nos que non resulte necesario o consentimento do interesado para o tratamento dos seus datos, e sempre que unha lei non dispoña o contrario, este poderá opoñerse ao tratamento dos datos cando existan motivos fundados e lexítimos. O responsable do ficheiro terá que proceder á exclusión dos datos relativos ao afectado.
Dereito de impugnación (artigo 13 LOPD)	Faculta ao interesado para impugnar aquelas decisións que teñan efectos xurídicos e cuxa base sexa unicamente un tratamento de datos de carácter persoal que ofrezca unha definición das súas características ou personalidade.
Dereito de indemnización (artigo 19 LOPD)	É o dereito do afectado ou interesado a que se lle indemnice economicamente cando, como consecuencia do incumprimento do disposto na LO 15/1999, sufra dano ou lesión nos seus bens ou dereitos.
Dereito de consulta ao Rexistro Xeral de Protección de Datos (artigo 14 LOPD)	Trátase do dereito dos interesados ou afectados a solicitar información do Rexistro de Protección de Datos sobre a existencia de ficheiros que traten datos persoais, sobre a súa finalidade e sobre a identidade do responsable do ficheiro.

OBRIGAS DO RESPONSABLE DO FICHEIRO	
	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Inscripción dos ficheiros no Rexistro Xeral da Protección de Datos (artigo 26 LOPD; artigos 5 e 6 RD 1332/1994, de 20 de xuño).</li> <li>• Redacción do documento de seguridade (RD 994/1999, de 11 de xuño).</li> <li>• Redacción de cláusulas de protección de datos (artigo 5 LOPD).</li> <li>• Auditoría (artigo 17 R.D. 994/1999, de 11 de xuño).</li> <li>• Pór en marcha as medidas de seguridade de índole técnica e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos obxecto de tratamento (artigo 9 e 10 LOPD e RD 994/1999, de 11 de xuño).</li> <li>• Redacción dos contratos, formularios e cláusulas necesarias para a recollida dos datos, dos tratamentos por terceiros e das cesións ou das comunicacións de datos.</li> <li>• Informar o titular dos datos sobre a existencia e a finalidade do ficheiro, quen é o seu responsable e de que forma pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación.</li> <li>• Obter o consentimento do afectado nos casos que sexa preceptivo.</li> <li>• Respectar a calidade e a exactitude dos datos e a súa utilización exclusivamente para o fin para o que se recolleron.</li> </ul>

AXENCIA DE PROTECCIÓN DE DATOS (artigos 35 a 42 da LOPD)	
Actividade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Creada coa finalidade de velar polo cumprimento da normativa sobre protección de datos persoais informatizados e controlar a súa aplicación, en especial no relativo aos dereitos de información, acceso, oposición, rectificación e cancelación de datos.</li> <li>• Administra o Rexistro Xeral de Protección de Datos (órgano ao que lle corresponde velar pola publicidade da existencia dos ficheiros de datos de carácter persoal).</li> <li>• Realiza inspeccións na empresa a instancia dos afectados ou de oficio.</li> <li>• Ditar as instrucións e as recomendacións que sexan precisas para adecuar os tratamentos aos principios da LOPD.</li> <li>• É competente para instruír e resolver os expedientes sancionadores pola comisión das infraccións previstas na Lei.</li> </ul>

INFRACCIÓNS (artigos 43 a 49 da LOPD)	
Infraccións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Infraccións leves: prescriben ao ano.</li> <li>• Infraccións graves: prescriben aos dous anos.</li> <li>• Infraccións moi graves: prescriben aos tres anos.</li> </ul>
Sancións	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Leves: de 601,01 a 60.101,21 euros.</li> <li>• Graves: de 60.101,21 a 300.506,05 euros.</li> <li>• Moi graves: de 300.506,05 a 601.012,10 euros.</li> </ul>

FONTE: Elaboración propia a partir da lexislación vixente.

Por un lado, establece os *principios de protección de datos* que rexen todo o tratamento, que establecen os límites e as pautas ás que debe someterse todo o tratamento de datos persoais para que poida considerarse dentro da legalidade.

Así mesmo, regula os *dereitos fundamentais dos afectados ou interesados*, que constitúen o núcleo esencial do dereito á protección de datos. Estes son dereitos irrenunciabes e persoais e só poden exercitarse polo afectado ou interesado ante o responsable do ficheiro.

E, por último, os *procedementos establecidos pola Lei* que teñen como finalidade a consecución efectiva dos dereitos dos afectados establecendo os mecanismos de reclamación ante a Axencia de Protección de Datos estatal ou autonómica, dependendo do ámbito competente, e a aplicación dos principios de protección de datos, establecendo os mecanismos de control.

### 3. NIVEL OU GRAO DE CUMPRIMENTO DA LEXISLACIÓN VIXENTE

Neste apartado pretendemos responder a pregunta, *as empresas galegas incorporan na súa xestión o cumprimento da protección de datos?* Trátase, xa que logo, de coñecer o grao de cumprimento da LOPD no ámbito privado e na nosa Comunidade Autónoma, polo que, antes de realizar a correspondente análise, debemos deixar moi claro cales son as obrigas que a LOPD lle impón:

- a) *Deber de inscrición do ficheiro.* O titular do ficheiro, sexa este de titularidade privada ou pública, debe realizar a súa inscrición no rexistro correspondente, tendo esa inscrición un carácter exclusivamente declarativo, xa que en ningún caso implica unha valoración ou fiscalización da información que se facilita, polo que coa inscrición non se obtén ningunha declaración respecto da legalidade do tratamento nin tampouco pode implicar unha exención de responsabilidade. Neste sentido, os ficheiros de titularidade privada débense inscribir sempre no Rexistro Xeral de Protección de Datos (RXPDP) dependente da Axencia Española de Protección de Datos (AGPD). En cambio, nos ficheiros de titularidade pública cómpre distinguir se son ficheiros de titularidade das Administracións Públicas estatais –os cales se inscriben no mencionado Rexistro Xeral de Protección de Datos– ou se os ficheiros lle corresponden á Administración Pública autonómica –estes débense inscribir nas correspondentes Axencias de Protección de Datos de carácter autonómico creadas para eses efectos–.
- b) *Obrigas respecto da calidade dos datos.* Os datos de carácter persoal só poderán ser recollidos e tratados cando estes datos sexan adecuados, pertinentes e non excesivos respecto da finalidade ou das finalidades que xustifican a súa recollida, sen que poidan ser utilizados para fins distintos ou incompatibles con aqueles.
- c) *Deber de información na recollida dos datos.* Outro deber importante que o responsable do ficheiro debe cumprir no momento de efectuarse a recollida de datos persoais é o relativo ao deber de información, segundo o cal o responsable do ficheiro deberá informar ao interesado ou afectado, como mínimo e de forma expresa, precisa e inequívoca, da existencia do ficheiro, do tratamento que se vai realizar cos datos recollidos, da finalidade da recollida, do carácter obrigatorio ou facultativo das respostas e das posibles consecuencias da obtención dos datos ou da súa negativa a subministralos, dos dereitos que asisten ao interesado, así como da identidade do responsable do ficheiro e da dirección onde poder exercer os dereitos recoñecidos legalmente.
- d) *Deber de gardar segredo.* A LOPD establece que o responsable do ficheiro e quen interveñan en calquera fase do tratamento dos datos de carácter persoal están obrigados ao segredo profesional respecto daqueles datos, obriga que subsiste mesmo cando finalice a relación co titular do ficheiro ou co seu responsable. O deber de segredo é unha garantía que non só está reflectida na LOPD senón

que tamén se recolle noutras normas de carácter sectorial como, por exemplo, o artigo 61 da Lei xeral de sanidade, o artigo 9 do Real decreto de receita médica e outras normas complementarias do sector sanitario onde, ademais, da súa infracción, atópase expresamente sancionada no artigo 199 da Lei orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do código penal, no que se castigan as condutas dirixidas a revelar segredos alleos. Por outra parte, a LOPD tamén tipifica como infracción grave ou moi grave, segundo a sensibilidade dos datos, a infracción deste deber de segredo.

- e) *Os datos persoais deben gozar da seguridade necesaria (seguridade xurídica, física, lóxica e organizativo-administrativa).* A seguridade xurídica está regulada nunha serie de normas, entre as que podemos citar a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; a Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico; en certo modo a recente Lei 41/2002, de 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dereitos e obrigas en materia de información e documentación; así como a lei que incorporará ao ordenamento xurídico español a Directiva 2002/58, de 12 de xullo, relativa ao tratamento dos datos persoais e á protección da intimidade no sector das comunicacións electrónicas.

Por outro lado, o Real decreto 994/1999, de 11 de xuño, polo que se aproba o regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal, pretende satisfacer non só a seguridade xurídica senón tamén os outros tipos de seguridade da información: física, lóxica e organizativo-administrativa, dedicando unha gran parte do seu articulado a esta última. Neste contexto, cómpre sinalar que o grande eixe sobre o que xira toda a normativa destas medidas de seguridade é o denominado documento de seguridade, que é un documento de obrigado cumprimento para o persoal con acceso aos datos automatizados de carácter persoal e aos sistemas de información.

Na análise que expoñemos a continuación, imos comprobar o nivel ou o grao de cumprimento das empresas ante a LOPD nunha soa das súas obrigas: a inscrición dos seus ficheiros con datos de carácter persoal no Rexistro Xeral da Protección de Datos (estudo nun ámbito nacional e autonómico, concretamente en Galicia).


Os datos relativos ao ano 2005 da Axencia Española de Protección de Datos (AXPD) sinalan que, no ámbito privado, só 255.650 entidades inscribían algún ficheiro con datos de carácter persoal no Rexistro Xeral de Protección de Datos (RXPDP). Esta cifra resulta insignificante se temos en conta que, segundo o Directorio Central de Empresas (DIRCE), dependente do Instituto Nacional de Estadística (INE), en España operaban nesa mesma data un total de 3.150.842 empresas, das cales case a súa totalidade manexan datos de carácter persoal, o que significa que máis dun 90% das empresas españolas non inscriben os seus ficheiros no RXPDP.

Centrándonos na evolución no ámbito nacional dos ficheiros de titularidade privada inscritos no Rexistro Xeral de Protección de Datos, apréciase unha etapa de

estancamento ata o ano 2000 e é a partir desta data, que coincide, ademais, coa entrada en vigor da nova lei, cando realmente se perciben incrementos significativos.

O incremento medio habido nos últimos dous anos é dun 28,7% no ámbito nacional e dun 48,65% en Galicia (gráfica 1), o que sitúa a esta Comunidade Autónoma nas primeiras posicións do *ranking* segundo a evolución dos tratamentos de ficheiros inscritos no RXPDP no terreo privado. Porén, malia que esta evolución está sendo moi importante nos últimos anos, cómpre resaltar que o nivel de cumprimento na actualidade é extremadamente baixo.

**Gráfica 1.-** Tratamentos de ficheiros de titularidade privada inscritos no RXPDP na Comunidade Autónoma de Galicia (1994-2005)



FONTE: Elaboración propia a partir do RXPDP.

De forma complementaria, procedemos tamén a comparar o número de entidades que iniciaron algunha actuación para adaptarse á lexislación vixente co número total de entidades existentes (só se tivo en conta o número de empresas ante a inexistencia dun dato máis exacto). De acordo cos datos obtidos, no ano 2004 (táboa 1) tan só un 6,36% das empresas iniciaron actuacións en materia de protección de datos no ámbito nacional, sendo no caso concreto de Galicia dun 5,97%, situándose moi preto da media nacional. O número de ficheiros que por termo medio inscribiu cada entidade no RXPDP é de 2,35.

No ano 2005 (táboa 2), a porcentaxe elevaríase neste caso a un 8,11% no ámbito nacional e a un 7,95% en Galicia, o que supón que a este ritmo terían que pasar máis de cincuenta anos para que unha porcentaxe moi alta de entidades deran algún paso de cara ao cumprimento desta normativa. Se comparamos, así mesmo, o número de entidades que se corresponden co volume de inscrición, resulta que cada entidade española inscribiu unha media de 2,34 ficheiros de carácter persoal no RXPDP, que representa unha ratio moi baixa se temos en conta que a gran maioría das organizacións necesitan para o seu normal funcionamento como mínimo un ficheiro de clientes, un ficheiro de provedores e, dado que aproximadamente un 50% destas teñen polo menos un asalariado, sería necesario un ficheiro de traballadores.

**Táboa 1.-** Tratamentos inscritos no RXPd referidos a ficheiros de titularidade privada (2004)

COMUNIDADE AUTÓNOMA	ENTIDADES CON FICHEIROS INSCRITOS (1)	FICHEIROS INSCRITOS	TOTAL DE EMPRESAS (2)	% [(1)/(2)*100]
Andalucía	19.368	44.010	464.179	4,17
Aragón	11.515	21.448	90.005	12,79
Asturias	3.580	9.877	68.175	5,25
Baleares	2.299	6.745	87.024	2,64
Canarias	4.135	13.198	128.020	3,23
Cantabria	1.240	3.260	36.561	3,39
Castela e León	7.031	15.677	159.196	4,42
Castela - A Mancha	4.770	11.803	118.396	4,03
Cataluña	58.505	130.942	567.019	10,32
Ceuta	106	235	3.735	2,84
Estremadura	3.623	7.819	61.898	5,85
Galicia	11.088	26.292	185.722	5,97
Madrid	29.438	79.657	456.175	6,45
Melilla	51	104	3.713	1,37
Murcia	5.100	10.987	85.110	5,99
Navarra	2.565	6.265	40.730	6,30
País Vasco	6.706	17.655	157.539	4,26
Rioxa, A	2.237	4.770	21.598	10,36
Valencia	21.485	46.701	329.334	6,52
Diferenzas	---	45	---	---
TOTAL	194.842	457.490	3.064.129	6,36

FONTE: Elaboración propia a partir do RXPd e da DIRCE.

**Táboa 2.-** Tratamentos inscritos no RXPd referidos a ficheiros de titularidade privada (2005)

COMUNIDADE AUTÓNOMA	ENTIDADES CON FICHEIROS INSCRITOS (1)	FICHEIROS INSCRITOS	TOTAL DE EMPRESAS (2)	% [(1)/(2)*100]
Andalucía	22.667	56.441	477.315	4,75
Aragón	13.817	26.605	92.552	14,93
Asturias	5.549	16.234	70.104	7,92
Baleares	2.865	8.936	89.487	3,20
Canarias	5.614	19.199	131.643	4,26
Cantabria	1.697	4.115	37.596	4,51
Castela e León	8.863	19.424	163.701	5,41
Castela - A Mancha	5.444	14.520	121.747	4,47
Cataluña	82.037	175.088	583.065	14,07
Ceuta	109	244	3.841	2,84
Estremadura	4.531	10.368	63.650	7,12
Galicia	15.189	38.406	190.978	7,95
Madrid	38.741	99.338	469.084	8,26
Melilla	59	137	3.818	1,55
Murcia	6.176	13.607	87.519	7,06
Navarra	3.328	7.842	41.883	7,95
País Vasco	8.658	22.834	161.997	5,34
Rioxa, A	3.043	6.348	22.209	13,70
Valencia	27.263	59.180	338.654	8,05
Diferenzas	---	50	---	---
TOTAL	255.650	598.916	3.150.842	8,11

FONTE: Elaboración propia a partir do RXPd e da DIRCE.

Facendo unha análise similar e máis polo miúdo para a Comunidade Autónoma de Galicia (táboas 3 e 4), apréciase que pasamos dunha media de 2,37 ficheiros inscritos por entidade no ano 2004 a unha media de 2,52 no ano 2005 (superior en ambos os dous casos á media nacional).

Polo que respecta ao incremento anual do total de ficheiros de carácter persoal de titularidade privada inscritos nos últimos dous anos, é moi superior tamén ao total nacional. No ano 2004 este incremento na nosa Comunidade foi dun 51,22% fronte a un 26,49% en España, e no ano 2005 o aumento foi dun 46,07% fronte a un 30,91%, respectivamente.

Se comparamos, así mesmo, as entidades con ficheiros inscritos co número total de empresas segundo o INE, para o caso de Galicia sería dun 5,97% no ano 2004 e dun 7,95% para o ano 2005, situándonos máis preto da media nacional (6,36% e 8,11%, respectivamente). En canto a unha maior desagregación por provincias galegas, observamos que no ano 2004 a provincia de Lugo (8,62%) e a da Coruña (7,16%) se sitúan por riba da media nacional (6,36%), mentres que a de Pontevedra (4,27%) e a de Ourense (4,05%) se atopan a maior distancia (táboa 4).

**Táboa 3.-** Tratamentos inscritos no RXPd referidos a ficheiros de titularidade privada da Comunidade Autónoma de Galicia (2005)

PROVINCIA	ENTIDADES CON FICHEIROS INSCRITOS (4)	FICHEIROS INSCRITOS (5)	FICH./ENTID. (5)/(4)	VAR. 2005/2004	
				Entidades con ficheiros inscritos	Ficheiros inscritos
A Coruña	7.510	18.413	2,45	36,15	37,99
Lugo	2.841	6.292	2,21	42,62	59,70
Ourense	1.120	3.060	2,73	23,21	37,28
Pontevedra	3.759	10.641	2,83	39,48	56,97
TOTAL	15.230	38.406	2,52	37,06	46,07
TOTAL ESPAÑA	255.650	598.916	2,34	31,21	30,91

FONTE: Elaboración propia a partir do RXPd e da DIRCE.

**Táboa 4.-** Tratamentos inscritos no RXPd referidos a ficheiros de titularidade privada da Comunidade Autónoma de Galicia (2004)

PROVINCIA	ENTIDADES CON FICHEIROS INSCRITOS (1)	FICHEIROS INSCRITOS (2)	FICH./ENTID. (2)/(1)	TOTAL EMPRESAS	% [(1)/(3)*100]
A Coruña	5.516	13.344	2,42	77.023	7,16
Lugo	1.992	3.940	1,98	23.122	8,62
Ourense	909	2.229	2,45	22.452	4,05
Pontevedra	2.695	6.779	2,52	63.125	4,27
TOTAL	11.112	26.292	2,37	185.722	5,98

FONTE: Elaboración propia a partir do RXPd e da DIRCE.

#### 4. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Unha vez realizado este estudo de carácter exploratorio, constatamos que existe un escaso cumprimento ou un incumprimento xeneralizado da normativa vixente

en materia de protección de datos de carácter persoal por parte das entidades do noso país, o que nos levou a preguntarnos por que non se cumpre realmente esta normativa. Será, se cadra, porque é unha lexislación moi complexa, porque resulta moi custoso adaptarse, porque as entidades non están preparadas técnica nin organizativamente, porque non existe a suficiente formación e información... A nosa intención en estudos posteriores é levar a cabo as investigacións necesarias para determinar os factores ou as variables para determinar cales son as verdadeiras razóns do incumprimento da LOPD nas empresas galegas.

Neste sentido, investigacións xa realizadas en ámbitos moi reducidos xa nos achegan indicios de partida. Un estudo realizado pola Consultora Helas no ano 2004 destaca que o baixo incumprimento da normativa débese ao descoñecemento que existe no tecido empresarial sobre a existencia da lei e da obrigatoriedade do seu cumprimento, así como ao manexo de datos en soportes tradicionais como o papel. Así mesmo, aseguran que os principais incumprimentos da lei se centran na ausencia de medidas organizativas para protexer o uso da información e a carencia de medidas tecnolóxicas. Este estudo vén corroborar os datos obtidos por unha enquisa realizada no ano 2003 pola Comisión Europea, que revelaba que un 70% dos españois nunca oíra falar da lexislación existente en materia de protección de datos e do contido dos dereitos que lles asisten, e que un 76% descoñecían ata a existencia dun organismo público encargado de recibir as súas reclamacións e queixas.

En resumo, aínda que hai un coñecemento crecente da normativa (sobre todo por parte das grandes empresas), os datos recollidos no apartado anterior permítenos afirmar que a maioría das empresas, especialmente as pemes, non teñen en conta a protección e o tratamento de toda a información de carácter persoal que van almacenando nas súas bases de datos principalmente por dous motivos: o descoñecemento da lexislación vixente que regula a protección de datos; a percepción que teñen de que os datos que conteñen as súas bases de datos son coñecidos de antemán e, xa que logo, non lle conceden importancia á hora de salvagardalos.

Outra cuestión que cómpre formular é se realmente as empresas que aparecen inscritas no RXPD cumpren satisfactoriamente coa normativa nesta materia. Sobre isto, cremos conveniente comentar que as ratios obtidas e analizadas anteriormente reflicten entidades que iniciaron ou que deron algún paso de cara ao seu cumprimento, é dicir, da inscrición dos ficheiros no dito rexistro, pero somos conscientes de que a simple inscrición dos ficheiros non implica o cumprimento efectivo por parte das empresas de todo o disposto pola LOPD. Neste sentido, a propia AXPD reconece que existe un gran número de empresas que realizaron a inscrición pero que aínda non contan co respectivo documento de seguridade.

En definitiva, cómpre ter claro que descoidar o cumprimento da LOPD se paga moi caro, e que cada vez son máis as denuncias e as inspeccións realizadas pola AXPD. Inscibir os ficheiros de datos de carácter persoal no RXPD e adoptar as medidas oportunas de seguridade segundo o tipo de datos é, en síntese, o que deberían facer as empresas para cumprir coa LOPD. En caso de non facelo poden en-

frontarse a sancións de ata 601.012,1 euros. A lei de protección de datos española establece, xunto coa de Italia, o réxime sancionador máis gravoso de Europa, segundo un informe elaborado polas Cámaras de Comercio, no que se compara a lei española co resto das lexislacións europeas.

Por último, cremos que para incrementar o nivel de cumprimento da lei cómpre un cambio de actitude do titular dos datos (a falta de control que ten sobre os seus propios datos), para o que consideramos imprescindible que se sigan levando a cabo políticas para formar, informar, concienciar, fomentar ou outras actividades análogas sobre a existencia real e práctica desta lexislación. Un gran labor de información no ámbito empresarial estano levando a cabo principalmente as Cámaras de Comercio, as asociacións de empresarios e a propia Axencia Española de Protección de Datos. Ademais, no caso da Comunidade Autónoma galega, a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia puxo a disposición das empresas da rexión un programa informático gratuíto denominado *Sinxelo LOPD* co que facilitarles a súa adaptación aos requisitos técnicos e legais impostos pola Lei orgánica de protección de datos.

## NORMATIVA

ESPAÑA. AXENCIA DE PROTECCIÓN DE DATOS. Instrución 1/1998, de 9 de xaneiro, relativa ao exercicio dos dereitos fundamentais de acceso, rectificación e cancelación en ficheiros automatizados (*BOE*, de 29/01/98).

ESPAÑA. AXENCIA DE PROTECCIÓN DE DATOS. Resolución de 22 de xuño de 1994, pola que se aproban os modelos normalizados en soporte papel e magnético a través dos que deben efectuarse as correspondentes inscricións no Rexistro Xeral de Protección de Datos (*BOE*, de 23/06/94).

ESPAÑA. Constitución de 1978.

ESPAÑA. Lei 34/2002, de 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico (*BOE*, de 17/02/02).

ESPAÑA. Lei orgánica 5/1992, de 29 de outubro de 1992, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal (*BOE*, de 31/10/92). (Actualmente derrogada).

ESPAÑA. Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (*BOE*, de 14/12/99) que derroga a Lei 5/1992, de 29 de outubro, sobre regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.

ESPAÑA. Real decreto 1332/1994, de 29 de xuño, polo que se desenvolven algúns aspectos da Ley orgánica 5/1992, de 29 de outubro, de regulación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal (*BOE*, núm. 147, de 21/06/94). (Subsistente en virtude da disposición transitoria terceira da Lei orgánica 15/1999).

ESPAÑA. Real decreto 994/1999, de 11 de xuño, polo que se aproba o regulamento de medidas de seguridade dos ficheiros automatizados que conteñan datos de carácter persoal (*BOE*, de 25/06/99). (Subsistente en virtude da disposición transitoria terceira da Lei orgánica 15/1999).

UNIÓN EUROPEA. PARLAMENTO EUROPEO/CONSELLO. Directiva 95/46/CE, de 24 de outubro de 1995, relativa á protección das persoas físicas polo que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (DO L 281, de 23/11/95).

UNIÓN EUROPEA. PARLAMENTO EUROPEO/CONSELLO. Directiva 2002/58/CE, de 12 de xullo, relativa ao tratamento dos datos persoais e á protección da intimidade no sector das comunicacións electrónicas.

## BIBLIOGRAFÍA

- AGENCIA DE PROTECCIÓN DE DATOS (1995-2005): *Memoria*. Madrid: APD.
- CÁMARAS DE COMERCIO (2003): *Estudio de la LOPD*.
- COLLADO GARCÍA-LAJARA, E. (2000): *Protección de datos de carácter personal. Legislación, comentarios, concordancias y jurisprudencia*. Granada: Comares.
- DAVARA RODRÍGUEZ, M.A. (1999): *Guía práctica de protección de datos*. Madrid: Asociación Nacional de Establecimientos Financieros de Crédito.
- DAVARA RODRÍGUEZ, M.A. (2001): *Nueva guía práctica de protección de datos*. Madrid: Asociación Nacional de Establecimientos Financieros de Crédito.
- HELAS CONSULTORES (2004): *La aventura de viajar por la red*. Helas Consultores/AECE.
- LAMERE, J. M. (1987): *La seguridad informática. Metodología*. Madrid: Arcadia.
- MARTÍNEZ, M.; RÍO, M.C. DEL; GUILLÉN, E.; BARBEITO, S. (2005): “¿Las empresas gallegas incorporan en su gestión el cumplimiento de la protección de datos?”, *III Congreso de Economía de Galicia*, pp. 1-13.
- MARTÍNEZ, M.; RÍO, M.C. DEL; GUILLÉN, E.; BARBEITO, S. (2006): “El cumplimiento de la legislación en materia de protección de datos de carácter personal a debate”, *VI Congreso Gallego de la Calidad*.
- MARTÍNEZ, M.; RÍO, M.C. DEL; GUILLÉN, E.; BARBEITO, S. (2006): “Situación actual de la protección de datos de carácter personal en el ámbito privado. Suspenso generalizado en toda España”, *Harvard Deusto Marketing & Ventas*, núm. 75, (xullo-agosto), pp. 12-17.
- MEROÑO CERDÁN, A.; SOTO ACOSTA, P. (2006): “¿Se cumple la legislación sobre sociedad de la información?: situación en las empresas murcianas”, *Universia Business Review-Actualidad Económica*, pp. 88-97.
- PENTEIO (2004): *Estudio sobre el cumplimiento de la LOPD y de la LSSI*. Grupo Penteio/Landewell-PWC.
- PESO NAVARRO, E. DEL (2000): *Ley de protección de datos. La nueva LORTAD*. Madrid: Díaz de Santos.
- PESO NAVARRO, E. DEL; PIATTINI VELTHUIS, M.G. (2000): *Auditoría informática. Un enfoque práctico*. 2ª ed. Madrid: Rama.
- PESO NAVARRO, E. DEL; RAMOS GONZÁLEZ, M.A. (1998): *LORTAD: análisis de la Ley*. 2ª ed. Madrid: Díaz de Santos.
- PESO NAVARRO, E. DEL; RAMOS GONZÁLEZ, M. A. (1999): *LORTAD: Reglamento de seguridad*. Madrid: Díaz de Santos.